ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

MATERIA E CURSO: Bioloxía 2º BAC

Conforme ditan as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Bioloxía e xeoloxía reuniuse de maneira telemática o día 6 de maio e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:

A adaptación da programación didáctica 2019/20 do departamento de Bioloxía e Xeoloxía será publicada na páxina web do centro IES Canido.

OBXECTIVOS Son os mesmos para tres avaliacións

1.Comprende los conceptos da bioloxía celular e a súa articulación en leis, teorías e modelos, valorando o papel que estes desempeñan no seu desenvolvemento para aproximarse a unha interpretación científica da vida.

2.Utiliza los coñecementos de bioloxía para explicar e propoñer solucións a fenómenos, situacións e problemas da realidade diaria.

3.Utilizar con certa autonomía as estratexias características da investigación científica (considerar problemas, formular e contrastar hipóteses, planificar deseños experimentais, etc.), e os procedementos propios da bioloxía, para realizar pequenas investigacións e, en xeral, explorar situacións e fenómenos que lles sexan descoñecidos.

4.Comprende la natureza da bioloxía e as súas limitacións, así como as súas complexas interaccións coa tecnoloxía e a sociedade, valorando algúns aspectos da investigación científica como un medio para lograr unha mellora nas condicións de vida actuais.

5.Valora la vantaxe de confrontar diferentes fontes de información para formarse unha opinión propia e crítica sobre distintos problemas actuais relacionados coa bioloxía.

6.Comprende lo proceso cambiante e dinámico que subxace detrás de calquera ciencia e en particular da bioloxía, e a importancia nese proceso de actitudes abertas e flexibles.

1ª Avaliación

CONTIDOS

Tema 1: NIVEIS DE ORGANIZACIÓN DOS SERES VIVOS

Tema 2: BIOELEMENTOS, AUGA E SALES MINERAIS

Tema 3: INTRODUCCIÓN ÁS BIOMOLÉCULAS

Tema 4: INTRODUCCIÓN Á CÉLULA

Tema 5: CICLO e DIVISIÓN CELULARES
Tema 6: TRANSPORTE CELULAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.Interpreta la estructura interna dunha célula eucariota (animal ou vexetal) e dunha célula procariota, tanto ó microscopio óptico coma ó electrónico, podendo identificar e representa los seus orgánulos e describi la función que desempeñan.

2.Relaciona las macromoléculas coa súa función biolóxica na célula, recoñecendo as súas unidades constituíntes.

3.Enumera las razóns polas que a auga e os sales minerais son fundamentais nos procesos celulares, indicando algúns exemplos das repercusións da súa ausencia.

4.Representar esquematicamente e analiza lo ciclo celular e as modalidades de división do núcleo e do citoplasma, relacionando a meiose coa variabilidade xenética das especies.

5.Explica lo significado biolóxico da respiración celular, indicando as diferencias entre a vía aerobia e a anaerobia, respecto á rendibilidade enerxética, ós productos finais orixinados e ó interese industrial destes últimos.

6.Diferenciar na fotosíntese as fases lumínica e escura, identificando as estructuras celulares nas que teñen lugar esas fases, os substratos necesarios, os productos finais e o balance enerxético obtido e valorando a súa importancia no mantemento da vida.

7.Analiza los mecanismos de defensa que desenvolven os seres vivos ante a presencia dun antixeno deducindo, a partir destes coñecementos, cómo se pode incidir para reforzar ou estimula las defensas naturais.

8.Analiza lo metabolismo celular como un proceso global.

MÍNIMOS ESIXIBLES: Baseados nos estándares da programación anual.

Enumera las razóns polas que a auga e os sales minerais son fundamentais nos procesos celulares, indicando algúns exemplos das repercusións da súa ausencia.

* Relaciona las macromoléculas coa súa función biolóxica na célula, recoñecendo as súas unidades constituíntes.

* Interpreta la estructura interna dunha célula eucariota (animal ou vexetal) e dunha célula procariota, tanto ó microscopio óptico coma ó electrónico, podendo identificar e representa los seus orgánulos e describi la función que desempeñan.

* Representar esquematicamente e analiza lo ciclo celular e as modalidades de división do núcleo e do citoplasma, relacionando a meiose coa variabilidade xenética das especies

2ª Avaliación

CONTIDOS:

Tema 7: METABOLISMO

TEMA 8: A FOTOSÍNTESE

Tema 9: XENÉTICA MENDELIANA

Tema 10: FLUXO DE INFORMACIÓN XENÉTICA

Tema 11: A REPLICACIÓN DO ADN

Tema 12: A TRANSCRIPCIÓN: A TRADUCCIÓN O CÓDIGO XENÉTICO

Tema 13 REGULACIÓN DA EXPRESIÓN XÉNICA AS MUTACIÓNS

OBXECTIVOS

Explica lo significado biolóxico da respiración celular, indicando as diferencias entre a vía aerobia e a anaerobia, respecto á rendibilidade enerxética, ós productos finais orixinados e ó interese industrial destes últimos.

Diferenciar na fotosíntese as fases lumínica e escura, identificando as estructuras celulares nas que teñen lugar esas fases, os substratos necesarios, os productos finais e o balance enerxético obtido e valorando a súa importancia no mantemento da vida.

Analiza lo metabolismo celular como un proceso global.

Explica lo papel do DNA como portador da información xenética e a natureza do código xenético, relacionando as mutacións con alteracións na información e estudiando a súa repercusión na variabilidade dos seres vivos e na saúde das persoas.

Analizar algunhas aplicacións e limitacións da manipulación xenética en vexetais, animais e no ser humano e as súas implicacións éticas, valorando o interese da investigación do xenoma humano na prevención de enfermidades hereditarias e entendendo que o traballo científico está, como calquera actividade, sometido a presións sociais e económicas.

MÍNIMOS ESIXIBLES: Baseados nos estándares da programación anual.

* Explica lo significado biolóxico da respiración celular, indicando as diferencias entre a vía aerobia e a anaerobia, respecto á rendibilidade enerxética, ós productos finais orixinados e ó interese industrial destes últimos.

*Diferenciar na fotosíntese as fases lumínica e escura, identificando as estructuras celulares nas que teñen lugar esas fases, os substratos necesarios, os productos finais e o balance enerxético obtido e valorando a súa importancia no mantemento da vida.

* Analiza lo metabolismo celular como un proceso global.

* Explica lo papel do DNA como portador da información xenética e a natureza do código xenético, relacionando as mutacións con alteracións na información e estudiando a súa repercusión na variabilidade dos seres vivos e na saúde das persoas.

* Analizar algunhas aplicacións e limitacións da manipulación xenética en vexetais, animais e no ser humano e as súas implicacións éticas, valorando o interese da investigación do xenoma humano na prevención de enfermidades hereditarias e entendendo que o traballo científico está, como calquera actividade, sometido a presións sociais e económicas.

Para estas dúas primeiras avaliacións, os alumnos xa foron avaliados seguindo os criterios xerais de avaliación, os instrumentos de avaliación, procedementos de avaliación e criterios para determinar a cualificación final. Todos estes apartados están recollidos e detallados na programación anual.

3ª Avaliación

No momento da suspensión das clases presencias faltaban por dar o último bloque: Microrganismos e Inmunidade.

Debido ás circunstancias xurdidas neste curso, e seguindo as instrucións do Ministerio de Cultura e da Consellería de educación, vémonos na obriga de modificar a metodoloxía da 3ª Avalilación e do presente curso, e polo tanto, modificar tamén os criterios de avaliación.

Os cambios nos criterios de avaliación están suxetos a posibles modificacións en función das novas directrices que poidan aparecer antes do remate do curso.

Valoración dos traballos (3ª avalación e recuperacións):

Manteñense os estándares xerais establecidos na programación anual, pero adaptados o novo tipo de actividades. Por este motivo a valoración destes traballos varía con respeto á que está indicada na programación anual.
Dado o carácter non presencial, e tendo en conta as posibles diferencias no acceso ás diferentes TIC por parte dos alumnos, a valoración dos traballos seguirán este criterio:

Contidos	Presentación	Puntualiade entrega
70%	20%	10%

Os traballos terán como finalidade:

- Completar o temario de 2º de Bacharelato de forma progresiva e comprensiva.
- Reforzar e ampliar os coñecementos da 1ª e 2ª avaliación.
- Exames presenciais ou non presenciais para mellorar (voluntario) a nota da 1ª ou 2ª avaliación, en función dos acontecementos sanitarios.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- A 1ª e 2ª avaliación xa foi valorada cos criterios establecidos na programación.
- Valorar o traballo non presencial da 3ª Avaliación , tendo en conta o esforzo e as circunstancias socio-económicas específicas. Ata este momento os alumnos mostran un alto grao de interese polo traballo a través da aula virtual.
- Considerarase o aprobado cando a suma porcentual das dúas avaliacións sume un 5.
- As actividades realizadas durante a terceira avaliación servirán para a recuperación da materia suspensa ou ben para subir ata un máximo de dous puntos a cualificación final.

Se os alumnos retoman as clases presenciais, é obvio que o número de clases será moi curto, polo que,. por este motivo, e a acumulación doutros posibles exames, non penso facer exame da 3ª Avaliación.

Se os alumnos retoman as clases presenciais, é obvio que o número de clases será moi curto, polo que, eses días lectivos adicareinos a “preparar” a selectividade para aqueles que se presenten **á** mesma. Por este motivo, e a acumulación doutros posibles exámes, non penso facer exame da 3ª Avalición.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Polo traballo desenvolto polos alumnos nestas circunstancias, cabe destacar que: A competencia dixital e aprender a aprender sobresaen sobre as demáis.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

Xa se explicou no apartado Criterios de Avaliación.

Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas

presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva

.

En Ferrol, a 7 de maio de 2020

Xefe/a do Departamento: Ramón E. López Anca